

A estrutura da poboación española

A estrutura dunha poboación estuda a súa composición e distribución por idades e por xéneros, e represéntase mediante un tipo de gráfico denominado pirámide de idades, que amosa a historia da poboación, e permite prever problemas e necesidades e tamén establecer semellanzas e diferenzas coa poboación doutras rexións ou países.

A pirámide de idades en España

Para estudar a estrutura dunha poboación por idades e sexo elabórase unha **pirámide de poboación**.

O eixe horizontal do gráfico divídese en dúas partes: á esquerda sitúanse os valores da poboación masculina, e á dereita, os da poboación feminina. Estes valores exprésanse, polo xeral, en porcentaxes sobre a poboación total.

No eixe vertical represéntanse as idades en orde crecente, agrupadas en intervalos de 5 anos. Cada chanzo indica a porcentaxe de individuos que teñen a mesma idade. A figura resultante en moitos países aseméllase a un triángulo e pola súa forma chámase, impropriamente, pirámide.

Para analizar unha pirámide considéranse tres grupos de idades: o de **poboación nova**, que abrangue dende o nacemento ata os 14 anos, o de **poboación adulta**, entre os 15 e os 64 anos, e o de **poboación anciá**, desde os 65 anos e máis.

En función dos tipos ou modelos de pirámides, a de España é **contractiva**, isto é, propia de países economicamente desenvolvidos, e caracterizada por unha baixa natalidade e unha prolongada esperanza de vida. A pirámide de España presenta estas características:

- Un estreitamento dos primeiros chanzos da pirámide, debido a unha diminución da natalidade desde 1979. O último chanzo, no entanto, amosa certo aumento da natalidade. Esta repunta semella que foi conxuntural.
- O corpo central da pirámide representa a idade adulta, e amosa un notable ensanche nas idades abrangidas entre os 30 e os 39 anos, onde a poboación española nada na etapa de crecemento demográfico (1969-1978) se lie suma a maioría da poboación inmigrada.


Este grupo de idades identificábase coa poboación traballadora, pero segundo vai aumentando o desenvolvemento dun país, retrocede o comezo da idade activa, dada a necesidade e mais a posibilidade dunha mellor preparación técnica, científica e mais profesional.

- Os chanzos superiores da pirámide abranguen os grupos de maior idade. Estes chanzos desenvólvense en altura e en amplitude, o que amosa que, en España, unha porcentaxe elevada de poboación vive moitos anos.


TIPOS DE PIRÁMIDES

O perfil ou contorna dunha pirámide indícanos o tipo de poboación dun país:

- Unha **pirámide expansiva** corresponde a unha poboación moza. A súa base é ancha, pois a poboación nova é moi numerosa, e o tronco e mais a cúspide son estreitos xa que a poboación adulta e anciá é máis reducida.
- Unha **pirámide estable** corresponde a unha poboación adulta. A base estreitase debido á redución da poboación nova, e a cúspide faise un pouco máis ampla, ao aumentar a poboación anciá. O tronco ensánchase pola elevada poboación adulta.
- Unha **pirámide contractiva** corresponde a una poboación avellentada. A base é moi estreita por unha acusada diminución da poboación moza, e o tronco e mais a cúspide ensánchase debido a unha poboación adulta e anciá moi numerosa.



POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 2008



A redución que se observa entre os 65 e os 69 anos corresponde á falta de nacementos, derivada da Guerra Civil española e da inmediata posguerra.

No caso de compararse a **distribución por idades** da poboación española do ano 1887 coa correspondente ao ano 2008, faise patente o estreitamento das idades abrangidas entre 0 e 19 anos, o aumento do tronco central da pirámide e o grande desenvolvemento das idades superiores, a partir dos 70 anos. Este cambio supón a inversión da curva demográfica: diminúe a poboación moza e aumenta a poboación de 65 anos e máis. Esta tendencia estímase que pode continuar.

No caso de considerarse a distribución de poboación por sexos, en 2008 o 50,6% do total da poboación eran mulleres, e o 49,4%, homes. Ata a actualidade, foi un fenómeno xeral que nacesen máis homes ca mulleres, pero tamén que houbo maior mortalidade infantil no caso dos homes, e que o seu número diminuíse por mor de guerras e accidentes de traballo, ou por unha taxa máis elevada de mortalidade.

Na actualidade semella que a diferenza entre o número de homes e mulleres pode cambiar: seguen a nacer máis homes, pero reduciuse drasticamente a súa mortalidade infantil, ao tempo que a crecente igualdade no traballo parece que tenderá a igualar as taxas de mortalidade. Así mesmo, hai que engadir a inmigración, que é maioritariamente masculina.

O avellentamento da poboación

O avellentamento da poboación en calquera sociedade é un proceso inevitable e desexable, porque está relacionado cunha maior calidade de vida. A poboación española, o mesmo que a maioría dos países da Unión Europea, é unha poboación avellentada cunha media de idade, no ano 2006, de 40,2 anos.

A causa deste avellentamento é dobre: dunha banda, a baixa natalidade, e doutra, o aumento da **esperanza de vida** da poboación (80,2 anos), debido ao descenso da mortalidade. Segundo as estimacións do Instituto Nacional de Estadística, no ano 2010, o 17,2% da poboación española terá máis de 65 anos.


Este **avellentamento** presenta interrogantes como o peso económico que suporá para a poboación que trababa, manter as pensións dun número cada vez maior de xubilados, e a dispoñibilidade de servizos sociais e sanitarios suficientes para atender a poboación anciá.

POBOACIÓN POR IDADES


Anos	0-19 anos (en %)	20-64 anos (en %)	65 e máis (en %)
1900	42	53	5
1960	35	57	8
1980	34	55	11
1995	24	60	16
2008	19	64	17

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).

ESPERANZA DE VIDA POR SEXO



INVERSIÓN DA CURVA DEMOGRÁFICA



A pirámide de idades en Galicia

A pirámide de idades de Galicia é contractiva, cunha base estreita, debido ao baixo índice de nacementos e de fecundidade, unha zona central desenvoltoa, correspondente á idade adulta, e unha elevada proporción de poboación con máis de 65 anos, grazas ao aumento da esperanza de vida. A estrutura é:


- A **estrutura por sexos** caracterízase polo nacemento dun maior número de homes que de mulleres. A proporción de ambos os dous sexos invértese a partir da franxa de idade incluída entre os 40 e 44 anos cun maior número de mulleres que de homes, especialmente nos últimos tramos da pirámide, onde as mulleres de máis de 85 anos dobran claramente o número de homes, debido á súa maior esperanza de vida (84,7 anos fronte aos 77,4 anos dos homes en 2007).
- A **estrutura por idades** amosa un desequilibrio entre os mozos e o resto de idades polo avellentamento da poboación:
 - As xeracións abranguidas entre os 25 e os 49 anos son as que están mellor representadas.
 - Os efectivos de menos de 25 anos baixan segundo vai diminuindo a idade, salvo no grupo de poboación máis nova (de 0 a 4 anos), grazas á recuperación da natalidade, favorecida en parte pola inmigración estranxeira.
 - A poboación maior de 65 anos medrou e en 2008 ascendía a 602 862 persoas, cifra que representa o 21,65% do total.

A estrutura económica da poboación galega

Aumentou a poboación activa na primeira década do século XXI debido ao crecemento económico do ciclo de prosperidade dende 1994 ata 2007, á progresiva incorporación da muller ao mundo laboral e ao peso da inmigración estranxeira. Destacan estes cambios:

- A **taxa de actividade** medrou máis dun 8% entre 1995 e 2009 e na actualidade sitúase ao redor dun 55%, con claras diferenzas entre a poboación masculina e a feminina (62% e 48%, respectivamente). No entanto, o crecemento da poboación activa, que acadou 1.313.300 persoas en 2009, non foi acompañado dun incremento da poboación ocupada, xa que esta se mantón en 1.151.100 persoas.
- A **taxa de paro** reduciuse entre 1995 e 2007 como consecuencia da favorable conxuntura económica (do 18,05% ao 7,64%) pero logo da actual crise económica o desemprego foi en aumento. No terceiro trimestre de 2009 o número de parados de Galicia ascende a 162. 200 persoas, o 12,35% da poboación activa, cifra que supera a media nacional (17,93%).
- As **taxas de ocupación** por sectores económicos de 2007 eran un claro reflexo da dinámica de crecemento económico, co predominio do emprego no sector terciario (60,8% da poboación ocupada) e a importancia da industria (18,2%) e da construción (12,3%) fronte á agricultura (8,6%). A desaceleración económica de 2008 provocou un descenso do emprego que afectou especialmente a industria e a construción, pola crise do sector inmobiliario e o estancamento do consumo.

PIRÁMIDE DE IDADES DE GALICIA EN 2008



DESEMPREGO EN GALICIA (1990-2009)

Ano	Parados (milleiros)	Taxa de paro (%)
1990	146,9	12,28
2000	176,7	14,87
2009	165,1	12,5

Fonte: INEbase.